# FIADEIRO




## 17 DE MAIO DE 1990

## DIA DAS LETRAS GALEGAS

## C. P. BELUSO

# SUMARIO

PORTADA

SAÚDO

EDITORIAL

LUIS PIMENTEL

TRABALLOS LITERARIOS

"DE ESCOLA A ESCOLA"

RUMORES

PASATEMPOS

CONTRAPORTADA (Guadalupe Pintos 8ºA)

# SAÚDO

O Fiadeiro é un xornal
que ten o noso colexio
é divertido, é alegre
e está feito con moito esmero.

No Fiadeiro hai rumores
e tamén hai poesías,
redacción, tamén deportes
de Beluso ou de Galicia.

O Fiadeiro non é novo,
anque tampouco é moi vello,
é o xornal escolar
que lee Beluso enteiro.

O Fiadeiro non é famoso,
solo se coñece eiquí
pero está feito en Beluso
e iso importame a mín.

Este ano os de oitavo
quixemos facelo ben
para que o lector disfrute
e fagamos amigos tamén.

Este ano nós ímonos
os de oitavo xa marchamos
pero o ano que ven virán
novos rapaces de oitavo.

Juan José García de la Torre, 8º B

# EDITORIAL

Queridos lectores y amigos do FIADEIRO:

Como podedes comprobar ano tras ano non nos esquencemos nunca de vós.

Estamos aquí de novo porque nesta data de festa e ledicia queremos lembrar e honrar con este novo número do FIADEIRO no día das LETRAS GALEGAS, o inesquencible LUIS PIMENTEL, home que traballou entre os mellores polo ben de Galicia. Sempre en favor da súa terra.

Os nenos de oitavo queremos enviar dende este recuncho un cordial saúdo a tódolos mestres para que sigan traballando e tendo paciencia cos alumnos como ata agora. Os que levan as actividades extraescolares: gaita, baile, mecanografía, coro, ximnasia rítmica, defensa persoal, costura, debuxo, e barro, para que non abandonen a súa insistencia en que os rapaces posúan un pouquiño máis de cultura e coñecementos xerais.

Os membros da Asociación de Pais de Alumnos (A.P.A.), para que os pais continúen apoiando ós seus fillos tan afanosamente.

E saudarvos especialmente a todos vós, que nos axudades sempre que chegamos ás vosas portas vendendo quinielas, rifas, ou FIADEIROS.

GRACIÑAS A TODOS

En fin, as despedidas son tristes sempre, pero nós non nos magoaremos por ter que marchar e deixar este querido Colexio: pola contra, aledámonos de termos pasado nel estes oito ou nove anos, que supuxeron para nós alegrías e penas, traballo e diversión, premios e castigos; pero sempre, sempre, aprendizaxe e cultura. unha base para o noso andar polo mundo que escomenzamos mañá mesmo.

Confiamos en que os que veñen seguido de nós, e sabemos que este Colexio de Beluso seguirá sendo o niño da cultura do noso pobo; e que esta publicación non morrerá xamáis, porque

O FIADEIRO E INMORTAL

!! D E I C A   S E M P R E !

8º A



Luis Pimentel, poeta e médico nace en Lugo o 18 de decembro de 1.895. A súa cidade natal será eixe da súa vida profesional e literaria.

Estudia medicina en Santiago, licénciase no ano 1.922 e inmediatamente realizará o doctorado en Madrid.

Ás primeiras entregas literarias de D. Luis Pimentel aparecen no ano 1.924.

Dende aquela data non perderá contacto coa xeneración galeguista anterior á guerra civil.

A súa obra fundamental farase pública en Idioma Galego.

Algúns dos poemas de Pimentel escritos en Idioma Castelán editáronse en galego.

O primeiro libro de Pimentel sae no ano 1.950

Luis Pimentel



Sea á rua a obra clave de Luis Pimentel " Sombra do aire na herba"

A nivel humano, Pimentel é o arquetipo de profesional liberal ilustrado.

En non poucos poemas de Pimentel poderíamos chegar a mira-lo seu medio corpo apoiado nas galerías do número 15 da Praza Maior lucense.

A poética pimenteliana humaniza os abxetos de uso.



O recato e a litruxia provincial de Pimentel rómpese coa guerra civil e o terror entra temporalmente na súa poética en poemas que levan un título descriptivo. Na temática de Pimentel encontramos sempre a súa cidade material: a casa, o entorno, a institución, a adhesión á vida...

A nivel formal os poemas pimentelianos son arrítmicos apoiándose na enumeración e nas imaxes, con luxo de procedementos paralelísticos:

"Tira de ese paño negro
donde está la muerte blanca.
Tira de ese paño blanco
donde está la rosa negra".



Os seus estudiosos coinciden en que a gran influencia de Pimentel é a do poeta vasco-francés Francis Jammes.

Toda a producción poética publicada inédita ou recopilada xunto á obra en prosa de Pimentel publicouse no ano 1.981.

Preocupáronse de Pimentel autores como:

Alonso Montero, Gonzalo Garcés, García Sabell, Piñeiro, Méndez Ferrín e Alvaro Cunqueiro.



Jesús José Pastoriza González. 8º A

# TRABALLOS LITERARIOS

## A LINGUA GALEGA

Unha voz polo aire,
veunos a dicir,
que hoxe é día de festa,
e todo o mundo está feliz.

Vinde nenos e nenas,
vinde todos a cantar,
que hoxe é día de festa,
e ímolo celebrar.

A nosa lingua cumpre anos,
vamos a felicitala,
cun ramo de rosas vermellas,
e unha canción para alegrala.

¡Qué tal estás hoxe?
xa pasou outro ano,
agora xa vas vella,
pero eu sigo ó teu lado.

Nunca te deixarei,
sempre estarei contigo,
sexas probe ou rica,
a min impórtame un pito.

Ti seguirás sendo a miña fala,
ti serás o meu amor,
que seguirá enchendo a miña vida,
porque ti eres a mellor.

Martina Blanco Estévez. 8º A

## GALICIA NOSA

Nosa Galicia, Galicia,
Galicia do noso corazón,
o teu mar é de ouro,
de prata o teu interior,
de bronce as tuas montañas,
¡qué fermosas son!
Ti es Galicia
antes, agora e despois,
a terra dos nosos antergos
que labraron cas mans
a falta de arados,
e regaron con bágoas
a falta de auga.
Pero agora non é así
Galicia nosa
porque agora si que es fermosa.

Jorge García de la Torre. 6º A

# AZUL

AZUL AIRE MAR COLOR.

--El aire es azul tranquilo y fresco,otras veces cruel y malvado. Pero bello reís es el chocar del aire contra tu cara.

--El mar es azul malvado que arranca a los marineros de sus casas, para no volver a sus familias. Pero también tranquilo y sereno, con juegos de niños en las playas chapuzones azules de agua salada.

--Azul es color, si claro, bonito como un paisaje de nubes blancas y árboles verdes.

--Azul, perla brillante, ojos de mujer.

Rosalina Santos 7ªa.

"Azul es el mar inmenso, azul es el grande cielo".

--El mar azul baña las costas gallegas así como las de todo el mundo. El azul del mar da vida a muchas ciudades españolas y sobre todo a las gallegas.

--Los marinero deben odiarlo, tanto como amarlo, por los meses que en el mar pasan siempre rodeados de azul. Todo por dinero, pero el dinero no da la felicidad.

--Los peces cuanto gustan del azul, su fuente vital, su sueño de oro.

--El cielo se nos viste de azul por la mañana para saludarnos, y de negro por la noche para despedirnos.

--El azul más vital es el que cruza nuestra bandera gallega y le da hermosura, y le da símbología y le da patria. Galicia es azul en medio de verde-mar.

Breixo Agulla 7ºB

..Azul, azul, bello color, reflejándose en el mar y el resplandor lejano. Cielo lleno de sorpresas y nuevas noticias que dar.

..Azul,. bello color de la tierra desde el Cielo.

..Azul, contrario del verde, su hermano cercano, y del blanco, su bisabuelo lejano.

..Azul, color de ojo bonito, nido de agudísima vista, medio de claro mirar.

Azul, color de mar y cielo, que la luz refleja en ellos. Color de sitios cálidos que la vida acogen con más placer.

..Azul de nuestra vida, de nuestra ropa, de nuestras casas, de nuestras cosas.

.Azul de vivir, azul de placer, azul de jugar.

Azul, Azul, Azul..

Alvaro Pastoriza 7ºA

## L A  T E L E V I S I O N

Esta es una poesía
que habla de la televisión
y habla también de sus programas
por si te falta información.

Para hablar de televisión
empezaremos "por la mañana",
por "la tarde" seguiremos
y por "la noche" terminaremos.

Cuando vemos la televisión
muchos viajes hacemos
y entre ellos están
lo que ahora nombraremos.

Entre mañana y tarde
vamos de "Santa Bárbara" a "Falcon Crest"
para meternos en líos
imposibles de resolver.

Por la tarde al viajar
nos lo pasamos "de película"
al buscar "el secreto del Sahara"
y otras cosas magníficas.

La tele sigue..............

Por la noche viajamos a "la luna"
para estar "cerca de las estrellas"
y poder ver desde allí
todas las cadenas.

Ahora terminamos esta poesía,
pero como la vida sigue,
volveremos otro día.

Mª Noelia Lamosa 7ºB

# "Poesías"



"La chica de la esquina"

Chica de rostro pálido
con tímido parpadeo,
sinceridad de sonrisa
con evocador destello.

Ojos claros y castaños
brillantes, pero asombrados
asustados por angustia,
por la apagada amargura.

Carácter acomplejado,
por un cuerpo tan decaído,
con voz grave y risueña,
convencedora de dichos.

Viajante de la tristeza,
buscadora de unos sueños
imaginarios, sensibles,
traidores, sin gran belleza.

Es la chica de la calle,
en una esquina situada,
esperando el gran engaño,
siempre tan endiablada.

Marta 8A



"La primavera"

Flores manchadas de color,
prados cubiertos de verde,
grandes gorriones cantores,
anuncian la primavera.

Primavera colorida
de sonrisas tan alegres
con amor sentimental
con rayos de sol matinal.

Ligada a bella alegría
ligada a la felicidad,
de alma atrayente
llena de gran melancolía.

Con un reflejo azul,
con un cristal de oro y plata
con tierno amor en sus pies,
con la brisa iluminada.

¡Sí, viene la primavera
con su sonrisa tan verde,
tierna, tan provocadora,
con una vida verdadera!

Marta 8ºA



---



"L A  E S T R E L L A"

Allá arriba
en el Cielo
Hay una estrella
del color de mi pelo.

Mi pelo no es negro
ni tampoco blanco
es de un color
amarillo olvidado



Sus cinco piquitos
son puntiagudos
sus dos manecitas
bonitos capullos.

Su largas piernitas
son finas, son finas
y en ellas viste
medias cristalinas

Sus pequeños pies
son algo esencial
y en ello se encuentra
piedras de cristal.



Esta estrella
no tiene igual
Es la reina
de la bóveda celestial.

Fátima Entenza 8º A.

# DE ESCOLA A ESCOLA
## ALGO MÁIS QUE MATEMÁTICAS

### IMPRESIONS DOS PROTAGONISTAS

Son as nove e media da mañá, hora de entrar na clase e de vivi-la rutinaria vida estudiantil. Pero hoxe non é un día calquera.

O timbre está soando e os rapaces corren sobresaltados polos pasillos. E o día da grabación do programa "de escola a escola" da TVE Galicia. Un día que todos nós esperabamos con ansiedade.

O equipo de grabación cehgou ás dez.

Nun lugar aparte os actores preparámonos para actuar. O escenario agarda por nós. Todos estamos moi nervosos.

O principio é un martirio ter a cámara diante enfocándote, como se fose a comelo mundo, pero despois acostúmaste e divírteste facéndoo.

Tivemos que repetir varias veces as esceas,os bailes e as cantigas, para que se puidesen escoller logo as mellores tomas.

Os homes do equipo de grabación foron moi amables e atentos. Eles, recoñecen o traballo que nos supón facelo por primeira vez. Saír na Televisión... non é un xogo calquera.

Loitamos contra os nervos e sofrimos diante da cámara, pero aledámonos de termos feito algo que para nós e para o Colexio de Beluso siñifica moito.

Foi tan emocionante e divertido coma unha AVENTURA NA XUNGLA!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

Juani Soliño presentadora e protagonista

El gran día llegó. El día en que y iba a grabar mis actuaciones de coro com de teatro para la Televisión.

Cuando llegué al colegio, casi tod estaba preparado: coro, gaitas, baile, e escenario, la obra, etc., pero faltaba l más importante, las cámaras, que todaví no habían llegado.

Nos preparamos. Primero actuaría e coro infantil; como yo ya estaba vestid y saldría en el medio de todos no estab nervioso. Lo que me preocupaba era la obr de teatro en la que salíamos solos mi compañer Juani y yo.

Una vez grabada la actuación del coro nos traslasdamos a Lagos, donde se iba grabar la actuación de las gaitas y el baile

El tiempo pasaba cada vez más rápid y yo estaba cada vez más nervioso.

Por fin llegó el turno de la grabació de la obra de teatro "casados de pouco de Varela Buxán. Me puse muy nervioso.

Comenzamos a grabar y en los primero minutos de la grabación estaba hecho u flan, pero a medida que iba avanzando l actuación me iba tranquilizando. Sabía qu no lo estaba haciendo bien...

Tuvimos que grabar la obra tres veces la primera parte pasó muy rápida, pero la otras dos fueron más pesadas, ya que tuvimo que repetir diversas escenas para que quedas lo mejor posible: cambio de lugar, mal sonido etc.. Con todo pronto me fui habituand a la cámara.

Me preguntaba qué tal lo estaría hacien do...Pensar que saldría por la televisió para toda Galicia daba un poco de respeto.

Todo acabó bien.
Espero no haberles defraudado.

Alfredo Fernández, actor y cantor.

# Rumores Rumores Rumores

CORREN RUMORES de que a TRINCA acompañará este ano ós rapaces de 8º nivel na excursión de fin de curso.

CORREN RUMORES de que D. Paco Davila aspira a cociñeiro e a súa especialidade será" empanada de millo e arroz con chícharos"

CORREN RUMORES de que os bancos da prazoleta de Beluso non son para sentarse, son para gavear ás árbores.

CORREN RUMORES de que moitos rapaces do Colexio estudian para anxos, xa que andan sempre nas nubes.

CORREN RUMORES de que os profesores preparan unha sorpresa para os rapaces que suspendan na fogueira de San Xoan.

CORREN RUMORES de que nos servicios do Colexio hai escapes nucleares.

CORREN RUMORES de que o título do cursiño que está facendo D. Luis en Santiago é:"cómo atopar moza xeitosa e rica en 15 días"

CORREN RUMORES de que desde que D. Servilio fai os experimentos cos ollos das vacas atópanse moitos destes animais con gafas de sol.

CORREN RUMORES de que o alcantarillado de Beluso foi feito para conseguir unha fuga de ca....capitales pola Recta do Peón.

CORREN RUMORES de que do caso Naseiro ten moito que ver coas nasas que a lancha lle "manga" ós mariñeiros de Beluso.

CORREN RUMORES de que este ano adiantaranse as vacacións porque o equipo de futbito dos profesores vai ós "Mundiais de Italia".

CORREN RUMORES de que non poden seguir correndo por falta de chvia, pero cando chova voltarán a correr RUMORES.............................

# PASATEMPOS

1.- Busca 6 nomes de cousas dunha habitación :

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | T | M | E | M | J | I | L | O | S | P | H | D | I | A |
| M | I | J | C | Y | B | A | CH | F | I | G | N | R | U | Z |
| P | E | R | S | I | A | N | A | L | D | E | J | U | H | Ñ |
| R | D | O | A | O | Z | F | S | L | A | F | V | A | Z | E |
| C | Z | T | C | D | U | O | V | R | D | M | A | C | O | N |
| I | P | J | E | L | L | A | Z | C | A | N | A | A | I | J |
| Z | H | T | N | A | S | U | M | I | P | U | B | L | O | M |
| T | O | V | O | A | M | A | U | Z | N | J | Y | M | F | E |
| U | E | F | B | E | S | I | L | L | A | D | O | V | H | T |
| N | B | A | J | A | T | M | R | L | L | B | T | O | S | P |
| J | R | N | N | C | E | N | S | P | L | R | H | U | D | Y |
| M | E | B | O | P | O | B | R | L | O | I | B | S | B | O |

SOLUCIÓN :

LUZ
MESÍLLA
LÁMPADA
CAMA
BONECAS
PERSIANA

2.- ¿Cal das formigas conseguirá os terróns de zucre?

SOLUCIÓN :

(A formiga nº3)




3.- Busca 6 cousas de xogar :

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| L | D | U | E | T | M | G | A | H | I |
| R | A | N | T | P | V | L | C | T | E |
| X | B | R | I | C | E | J | L | U | M |
| T | K | S | D | L | O | B | T | U | F |
| I | Z | H | N | E | V | D | A | O | W |
| P | O | T | O | L | U | A | B | V | E |
| B | E | P | C | O | R | D | A | A | U |
| G | D | A | S | A | N | G | U | E | I |
| X | Y | N | E | S | Z | A | C | L | R |
| M | J | C | A | N | I | C | A | S | M |

SOLUCIÓN :

BRÍLE
ESCONDÍTE
CORDA
SAN GUE
CANICAS
FÚTBOL


6ºB ROSA VIDAL - OLIVA PASTORIZA
SUSANA E ROSA ISABEL VALLADARES

4.- ¿Cal des insectes nen está repetide? !Descúbree!



SOLUCIÓN:

(O caracol)

6.º B
Rosa Vidal
Oliva P.
Susana V.
Rosa I. V.

5.- Tacha de deus en deus unha letra e despois separaas de xeito que formen palabras e quedará un coñecido refrán. Comenza pelo medio de caracel, ou sexa pola primeira "A".

SOLUCIÓN:

(Ata o corenta de maio non quite-lo saio). (Bonito ¿verdade?)



DOADO ¿EH?

(Mª Carmen Porto - 8.º A)

6.- Busca 6 nemes de marcas de ceches:

SOLUCIÓN:
OPEL
FORD
CITROEN
PEUGEOT
SEAT
MERCEDES

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M | P | W | M | O | P | E | L | K | C |
| E | P | E | C | A | U | L | B | A | I |
| R | S | A | U | A | T | E | L | U | T |
| C | A | B | C | G | CH | D | E | F | R |
| E | G | H | I | J | E | F | K | L | O |
| D | LL | M | N | O | P | O | Q | R | E |
| E | S | T | U | V | W | R | T | X | N |
| S | E | A | T | Y | Z | D | A | B | C |
| CH | D | E | F | G | H | I | J | K | L |
| U | M | N | O | Ñ | P | N | Q | R | V |

(Pablo Gestido de la Torre)

# Luis Pimentel




# 1.999

# C.P. BELUSO